

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

No ámbito educativo está a facerse prioritario o tema da educación emocional. Moitos profesionais ligados á docencia puxéronse a investigar sobre este fenómeno, debido a que ata o de agora, non se tratou en profundidade nin se contemplaron os posibles beneficios do traballo do mesmo. Respecto diso, non deixa de ser rechamante que un tema tan importante como este, e que é parte consustancial do ser humano desde sempre, non recibise apenas atención no ámbito educativo ata fai relativamente pouco como consecuencia directa da pandemia que fixo evidente e urxente a necesidade da súa inclusión nas aulas. O proxecto que se expón a continuación fundaméntase, principalmente, na denominada “educación emocional”. Comezaremos o percorrido deste traballo cos obxectivos principais deste proxecto que tamén nos achegará ás principais cuestións relacionadas co tratamento deste tema na aula. Seguidamente, propoñeranse os obxectivos concretos que pretendemos conseguir co mesmo, para logo continuar coa concreción da proposta didáctica, finalmente, describirase unha proposta de avaliación para as actividades. Este percorrido centrarase na educación emocional e en como levala á aula dunha maneira dinámica, didáctica, diferente e nova na que o alumnado resolva problemas de xeito colaborativo reforzando a autoestima, a reflexión e a responsabilidade. Para iso, propuxemos un proxecto didáctico fundamentado na arte e no desenvolvemento das emocións a través da mesma. A arte é unha forma creativa de expresión que nos permite atoparnos co noso eu interior. É unha maneira de reflectir os nosos sentimentos, emocións, preocupacións... A través da arte, podemos identificar, valorar e regular nosas propias emocións, así como normalizalas, é dicir, aprender a expresar as emocións sen cohibirnos, pois son parte natural do noso ser. Ao tratarse dunha proposta aberta, poderemos atopar un conxunto de ferramentas amplo e flexible, para que todo aquel que queira poñelo en práctica poida realizalo dunha forma persoal. Expuxemos a relación das emocións coa arte no convencemento de que esta é unha ferramenta que facilita ao alumnado o desenvolvemento, comprensión e adquisición das mesmas. Os obxectivos principais son:

- Ofrecer estratexias para mellorar as relacións social-afectivas na aula.
- Potenciar, na aula, as habilidades de autonomía, recoñecemento emocional e autoestima.
- Propoñer diversas actividades que contribúan a que o alumnado de Secundaria estimule a identificación e comprensión das súas emocións e as dos demais, a expresión dos seus sentimentos, e a regulación das súas emocións.
 - Fomentar a arte como medio para traballar directamente a subxectividade do alumno/a no ámbito emocional, xa sexa mediante a música, a pintura, o cinema, o teatro, a escultura ou a literatura...
 - Constatar a importancia do docente como axente primordial para que os rapaces e rapazas vexan a naturalidade das propias emocións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-2-3-4-5	3	1-2-3	1-2-3-4
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3-4-5			1-2-3-4

Descrición:

Unha vez explicada e recalcada a importancia que teñen as emocións na aula, na vida cotiá... explicaremos o proxecto que enlaza a arte coas emocións. Esta programación non se rexe por un esquema inflexible e marcado, senón que se trata dunha proposta aberta. Desenvolveuse desta forma, en primeiro lugar, para que se poida poñer en práctica en calquera dos niveis de segundo e terceiro curso de ESO, debido a que o seu grao de dificultade é variable. A idea desta proposta é a de fomentar o traballo das emocións a través das diferentes formas de arte. Durante o primeiro trimestre realizaríanse distintas actividades de toma de contacto para favorecer o coñecemento das distintas formas de arte. Unha vez traballadas, cada mes, do segundo e terceiro trimestre dedicaríamos unha sesión por semana ao desenvolvemento específico de cada categoría, isto é traballariamos unha disciplina artística cada mes.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As emocións e a arte.	investigar e aprender o que é a arte e as súas manifestacións e expresións. A emocións principais que se expresan coa arte como canle. Deseño dun mural.	30	10	X		
2	As emocións na pintura, na música e no cine.	Investigar, atopar e recoñecer as distintas emocións en cadros, obras musicais e filmes. Realización dun mural co resultado.	35	10		X	
3	As emocións na danza, na escultura e no teatro.	Investigar e atopar e recoñecer as diferentes emocións en bailes, ballets ou danzas, en obras escultóricas, e en representacións teatrais. Deseño dun mural con todas elas.	35	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As emocións e a arte.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da arte como canle para expresar as emocións	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	As emocións na pintura, na música e no cine.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas cun mural ou panel explicativo do investigado e traballado.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	As emocións na danza, na escultura e no teatro.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os contidos traballado en forma de mural ou panel ilustrativo que se exporá na entrada do cetro.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O proxecto desenvolverase con esta secuenciación:

No primeiro trimestre:

outubro-novembro-décembro → toma de contacto coa arte e as emocións.

No segundo trimestre:

Xaneiro → pintura • Febreiro → música • Marzo → cinema

No terceiro trimestre:

• Abril → danza • Maio → escultura • Xuño → teatro

Como se observa, durante o primeiro trimestre realizaríanse distintas actividades de toma de contacto para favorecer o coñecemento das distintas formas de arte. Todo iso, sen perder de vista o importante papel que teñen as emocións ao longo do proceso.

Durante o primeiro período do proxecto, centrariámonos en aprender o que é a arte, que variedades hai, algunhas obras relevantes etc. Para iso, comezaríamos preguntando aos nenos cal é a súa idea acerca do que é a arte. As súas achegas recolleríamolas a modo de esquema inicial e conforme fose avanzando o proceso iríase completando ata chegar a un mapa conceptual integrado. Logo, en varias sesións, os nenos irían expoñendo os seus traballos en clase. Sería recomendable realizar unha saída escolar a algún centro cultural, museo, cinema... onde os nenos e nenas puidesen sacar fotos das distintas formas artísticas e na aula, comentalas entre todos. Na seguinte parte do proxecto onde tentaremos contestar “a arte emociónanos?”, é necesario realizar actividades de recoñecemento e identificación das emocións. Tamén actividades como o espello no que terían que expresar co seu rostro as diferentes emocións. Así mesmo, poderíamos aproveitar a rutina diaria da asemblea para poñer o semáforo das emocións, aínda que en lugar de cores, aparecerían imaxes de nenos expresando a emoción. Así pois, a medida que os rapaces fosen

descubriendo onde senten cada emoción, tratarían de representala. Finalmente, acabariamos o trimestre preguntando aos nenos se cren que as emocións e a arte poden estar relacionados. Para iso, poderíamos realizar actividades para coñecer os seus coñecementos previos, as súas ideas e animarlles a avanzar no seu descubrimento. Ao comezo do seguinte trimestre, lembrariamos un pouco todo o aprendido para empezar a dar resposta á gran pregunta do proxecto: A arte emociónanos?

O segundo trimestre proporanse actividades dirixidas ao coñecemento de cada disciplina artística. Comezando pola pintura forneceremos ao alumnado con varias obras para que as analicen en función das diferentes emocións que lles provocan e á inversa, mandaremos ao alumnado que atope obras en función de cada unha das emocións. Así procederemos coa música e o cine. Cada unha destas observacións tomará forma de mural a realizar polo alumnado de xeito gráfico culminando o trimestre coa exposición do traballo no centro.

O terceiro trimestre faremos do mesmo xeito coa danza a escultura e o teatro, deseñando finalmente un mural.

A final de curso teremos todas as emocións secuenciadas segundo diferentes obras de arte, tanto as aportadas pola profesora como as de elección libre e individual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Equipo de audio, taller de radio, escenario (para o caso do teatro) e canón de vídeo serán suficientes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave, pero con especial fincapé na competencia de expresións artísticas e culturais e aprender a aprender. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: presentación e exposición individual dos contidos da primeira unidade.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: presentación e exposición individual dos contidos da primeira unidade en xeito de mural para expoñer.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: presentación e exposición individual dos contidos da terceira unidade en xeito de mural para expoñer.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais e realización e exposición do proxecto final correspondente a cada unidade.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

A nota mínima para superar a avaliación será dun 5 igual que a nota mínima para promocionar a materia.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar un proxecto final individual dun tema acordado co profesor.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar un proxecto final individual por cada avaliación a recuperar.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen perxuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.			X
Exposición en locais socioculturais ou asistencia a eventos culturais da localidade relacionados co proxecto.	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza e participación do alumnado en actividades culturais da contorna.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Clima de traballo na aula
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados